

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

A sociedade actual demanda uns coidados de enfermaría cada vez máis cualificados, tanto na prevención e na promoción e educación para a saúde, coma na detección e seguimento das patoloxías crónicas do individuo ao longo de todo o seu ciclo vital.

Por outra banda, ninguén debería poñer en dúbida que é, precisamente no nivel asistencial de primaria, onde esta labor debера ser máis acadable pola proximidade dos cidadáns e cidadás aos profesionais, e onde estes necesitan dunha competencia que soamente se acada cunha formación específica que proporciona unha especialidade e a imprescindible actualización que proporciona a formación continuada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Solicitar a creación da categoría profesional de enfermeiro/a especialista en Enfermaría Familiar e Comunitaria e a conseguinte lista de contratación temporal.
2. Desenvolver todas aquelas accións conducentes á previsión e planificación de recursos humanos e organizativos conducentes a inserción paulatina destes profesionais no ámbito de atención primaria.

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2015

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu

 Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 20/10/2015 09:29:29

Carmen Gallego Calvar na data 20/10/2015 09:29:35

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 20/10/2015 09:29:48

Jose Luis Méndez Romeu na data 20/10/2015 09:29:52

Partido dos
Socialistas
de Galicia